



20.11.2017

1. LISTAS PARA ACTUAR COMO ADMINISTRADORES CONCURSAIS / 2018

Coma cada ano, antes do 31.12.2017 o Colexio de Avogados remite aos xulgados do Mercantil da Coruña unha lista actualizada con todos os colexiados dispostos a actuar como administradores concursais.

Por ese motivo, ábrese un **prazo ata o día 15.12.2017, ás 14.00 h**, para que os colexiados interesados poidan solicitar por escrito a súa inclusión nesta lista.

Os requisitos de acceso á lista son os seguintes:

- Ser letrado/a exercente.
- Posuír un mínimo de cinco anos de antigüidade no exercicio efectivo da avogacía.
- Persoa xurídica (sociedades profesionais que cumpran os requisitos do artigo 27.2 da Lei concursal (Lei 38/2011, do 10 de outubro, de reforma da lei concursal).
- Alta en seguro de responsabilidade civil (Real decreto 1333/2012 do 21 de setembro).

2. XI XORNADA XUSTIZA E LINGUA: REFLEXIÓNS PARA A NORMALIZACIÓN

O Servizo de Asesoramento Lingüístico do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela organiza a XI xornada Xustiza e Lingua, Reflexións para a Normalización, co obxectivo de promover a reflexión acerca do proceso de normalización lingüística no ámbito da xustiza.

Día: martes, 28 de novembro de 2017

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Hora: de 19.00 h

Prazas: 100

Inscrición: gratuíta, cubrindo o [boletín de inscrición](http://www.icasantiago.org/boletin-de-inscripcion) en www.icasantiago.org

Certificación: expedida polo ICA de Santiago e pola Xunta de Galicia

Programa:

19.00 h Acto de apertura

D. Francisco J. Rabuñal Mosquera, decano do ICA de Santiago
D. Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística
D. Juan José Martín Álvarez, director xeral de Xustiza
D^a Marta Lois González, concelleira de Promoción Económica e Turismo de Santiago de Compostela

19.30 h 1º mesa

“O galego na facultade de Dereito”

D. **Gumersindo Guinarte Cabada**, decano da Facultade de Dereito da USC



“A normalización da normalidade?”

D. **Pedro Blanco Lobeiras**, avogado, colexiado 1030 do ICA de Santiago

20.30 h 2ª mesa

“O Parlamento, dinamizador comprometido do idioma galego no Dereito”

D. **Xosé Antón Sarmiento Méndez**, letrado maior do Parlamento de Galicia

20.45 h **“A estética do silencio. Un comentario de texto: *A esmorga*”**

D. **Víctor Fernández Freixanes**, presidente da Real Academia Galega

21.30 h Clausura da xornada